



Alcaldía

DECRETO

Con data 12 de marzo de 2020, por esta Alcaldía-Presidencia e á vista da evolución dos acontecementos relacionados coa extensión da infección por Sars-CoV-2, que xa motivaran a declaración de emergencia de nivel municipal e constitución do CECOPAL e máis a constitución do posto de mando avanzado (PMA ou Gabinete de Crise) municipal o día anterior, ditouse o DEC/AYTO/1211/2020, que resolveu o peche de determinadas instalacións municipais e o cesamento de determinadas actividades organizadas polo Concello ou que se ían celebrar en centros titularidade deste.

O citado Decreto tiña prevista a súa vixencia até o 27 de marzo, sen prexuízo da posibilidade de que se estableceran prórrogas sucesivas do mesmo. Porén, a declaración, a medio de Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, do estado de alarma, sucesivamente prorrogado até o momento presente, así como a sucesión de normas de todo tipo, especialmente ordes ministeriais, que o foron desenvolvendo progresivamente, fixeron xuridicamente innecesaria a prórroga do decreto de Alcaldía DEC/AYTO/1211/2020, toda vez que o peche debía entenderse inevitable como consecuencia da aplicación de disposicións de rango superior.

Unha vez que, en aplicación do chamado "*Plan para la transición hacia una nueva normalidad*" xuridicamente instrumentado a medio de sucesivas ordes ministeriais, proximamente será posible que volvan abrir determinadas instalacións de titularidade municipal e, aínda que non sexa estritamente necesario, parece conveniente que por esta Alcaldía-Presidencia se proceda a ordenar dita futura apertura de determinadas instalacións.

Na súa virtude, en uso das atribucións que me confiren o artigo 124.4 g) da Lei 7/1985, de 2 de abril de Bases do Régime Local e a Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia,

RESOLVO:

PRIMEIRO.- A revogación expresa dos peches ordenados a medio do decreto de Alcaldía DEC/AYTO/1211/2020, de 12 de marzo, no caso das instalacións municipais nas que se deban prestar os servizos ou realizar as actividades que sexan permitidas polas disposicións xerais ditadas en aplicación do Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, que supoñan o cambio das sucesivas fases do proceso que porá fin, progresivamente, ás limitacións propias da necesidade de controlar a extensión da COVID-19, e nomeadamente, das seguintes:



Alcaldía


Un.- O campo de golf da Torre e o molle de As Xubias.

SEGUNDO.- Nas instalacións citadas expresamente no número anterior, así como naquelas ás que, en aplicación das normas que se aprobaran polas autoridades que exercen o mando único por título propio ou por delegación, deba estenderse a revogación da orde de peche, haberán de cumplirse todas as medidas que ditas autoridades dispoñan para manter a seguridade e limpeza das mesmas, así como a saúde das persoas usuarias e traballadoras. Serán ademais aplicables, no seu caso, as que de xeito específico poida establecer o Concelleiro delegado en materia de persoal.

TERCEIRO.- O presente Decreto despregará os seus efectos o día en que no termo municipal sexan de aplicación as disposicións que regulan a Fase 1 do proceso de volta á “nova normalidade” e estenderá a súa vixencia por todo o tempo en que as súas disposicións resultaren compatíbeis coas normas ditadas polas autoridades únicas ou delegadas durante o estado de alarma.

CUARTO.- Comunicar o presente Decreto ao servizo que xestiona as instalacións que expresamente menciona, así como ordenar a súa publicación na sede electrónica e na web municipal.

Casas Consistoriais, 8 de maio de 2020.



Inés Rey García